

Empresarios composteláns coñeceron as novidades da Lei de Responsabilidade Ambiental nunha xornada organizada pola Cámara de Comercio

A normativa prevé, evita e repara os danos medioambientais, de acordo cos principios de prevención

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.- A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela organizou hoxe, en colaboración coa entidade European Quality Assurance (EQA), unha xornada formativa sobre a responsabilidade ambiental no salón de actos da entidade cameral dirixida aos empresarios da súa área cameral. Celebráronse catro relatorios sobre as novidades da Lei de Responsabilidade Ambiental, análises de riscos medioambientais, garantías financeiras e verificación de riscos. A xornada foi presentada pola secretaria xeral da Cámara, **Filomena Casal**, e protagonizada por catro expertos, **Luis González García**, asociado senior de Garrigues S.L.P.; **Anxo Mourelle**, director de Serumano; **David Burgos Carrasco**, responsable de Medio Ambiente de AON Gil y Carvajal; e **Tomás Justo Marquina**, verificador de Riscos Ambientais de EQA.

Os principais obxectivos da xornada son posibilitar o achegamento de empresas e técnicos ao coñecemento dos requisitos establecidos na lei, a apertura de mercados na implantación da avaliación de riscos ambientais, así como a validación por parte de entidades certificadoras e a iniciativa de fomentar a colaboración profesional entre diferentes técnicos en cada unha das etapas de aplicación da normativa.

Un dos relatores, Luis González, explicou os aspectos prácticos do marco normativo de responsabilidade ambiental, resumindo os principais requisitos establecidos pola normativa de aplicación ás empresas con maior potencial contaminante. “A normativa prevé, evita e repara os danos medioambientais, de acordo cos principios de prevención e de que quen contamina paga” –explicou González. En definitiva, a lei regula a responsabilidade de quen desempeñan actividades económicas ou empresariais (operadores) e de prevenir, evitar e reparar os danos medioambientais. Fai referencia a danos medioambientais relacionados con especies silvestres ou do hábitat, das augas, ribeiras do mar e ría e de solo.

Outro experto, Anxo Mourelle, destacou que a lei establece que determinadas actividades deberán dispor dunha garantía financeira destinada a cubrir os custos do posible dano que poidan xerar. Nesta liña, durante a xornada informouse dos métodos e ferramentas que existen en cada sector, en función da súa perigosidade, para a análise de riscos ambientais.

EQA é unha entidade de certificación de sistemas de xestión de calidade (ISO 9000) e ambiental (ISO 14000), mercado CE (Directiva de produtos da construción) e proxectos e xestión de I+D+i. Está avaliada por milleiros de clientes en todo o mundo a través de delegacións no Reino Unido, Irlanda, USA, Kuwait, Corea ou Italia.